



ACORDO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE MUGARDOS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou co Concello de Mugardos o acordo de adhesión ao instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre o IGVS e o Concello de Mugardos, en aras ao desenvolvemento no citado concello do Programa de Vivendas Baleiras establecido no Programa 4 Alugueiro de Vivenda do Eixo 1 Acceso á vivenda do Plan Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, que persegue poñer a disposición dos concellos as vivendas desocupadas que, existindo no seu ámbito municipal, sexan da súa titularidade, así coma tamén daquelas outras das que poidan dispoñer libremente do seu uso e das que teñan habilitación para a súa xestión para poder destinalas a aquelas unidades familiares ou de convivencia con maior dificultade de acceso á vivenda e, de xeito prioritario, ás afectadas por procedementos de execucións hipotecarias ou por desafiuzamentos por impago da renda de alugueiro da súa vivenda habitual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

Con data 3 de maio de 2016 o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp) asinaron un convenio para o desenvolvemento do programa de vivendas





baleiras no ámbito do plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

A existencia de vivendas desocupadas resulta contraria ás esixencias dun axeitado principio de utilización racional do parque de vivendas, tanto por razóns de eficiencia económica coma por ser un factor de sostibilidade medio ambiental e territorial, polo que precisamente o Programa de Vivendas Baleiras persegue promover o uso destas vivendas outorgando ao concello que as incorpora as garantías xurídicas e económicas necesarias e que son asumidas polo IGVS.

A implementación do Programa esixe a participación dos concellos tanto para a incorporación das vivendas, e a xestión das altas e baixas do correspondente rexistro de vivendas baleiras, coma para a selección de arrendatarios e de adxudicación das vivendas.

O Concello de Mugardos desexa contribuír ao acceso á vivenda en alugueiro, especialmente para aqueles colectivos que se atopan nun situación de maior vulnerabilidade polas súas circunstancias económicas, persoais ou familiares. Para articular ese obxectivo, está interesado en colaborar co IGVS, como organismo competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

